

---

## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 BEADE

Telf.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2018.**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día trece de febreiro de dous mil dezaoto, baixo a Presidencia de D. SENEN POUSA SOTO, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinaria. Os membros asistentes son os seguintes:

D<sup>a</sup>. SUSANA FERNÁNDEZ POUSA.

D. JUAN ANTONIO SANTAMARÍA RODRÍGUEZ

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 29 DE DECEMBRO DE 2017.-** No foron formuladas alegacións nin reclamacións o borrador, quedando aprobada a Acta da sesión celebrada con data 29 de decembro de 2017.

**2.- SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).-** Dase conta da Orde do 31 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural no ano 2018, publicada no DOGA do 06.02.18.

Tendo en conta a finalidade da mesma, os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acordan:

- a) Aprobar os proxectos de obras ou servizos denominados “Protección e mantemento de zonas forestais”.
- b) Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación dos traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.

**3.- ASOCIACIÓN DE CONCELLOS CAMIÑO MIÑOTO RIBEIRO.-** O Concello de Beade, por acordo da Xunta de Goberno de data 24 de novembro de 2014, adheriuse a Asociación Camiño Miñoto Ribeiro.

Logo do tempo transcorrido, os fins da Asociación requiren de aportacións económicas municipais para as que este concello non dispón de recursos, dado que os fins da Asociación superan os propios dos servizos que debe prestar a entidade municipal.

Por elo, os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan:

1º.- Tramitar a baixa do Concello de Beade na Asociación de Concellos Camiño Miñoto Ribeiro, de acordo co estipulado no Artigo 8 dos seus Estatutos.

2º.- Remitir o presente acodo a Asociación, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**4.- ADHESIÓN Á INICIATIVA “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”.-** Dase conta do protocolo xeral de actuación asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “concellos doing business Galicia”.



---

## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

Dado que, entre outras medidas, a Xunta dará prioridade aos concellos adheridos ao protocolo nas convocatorias de axudas en concorrencia competitiva para investimentos relacionados con industria, emprego e emprendemento, os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acordan aprobar a adhesión do Concello de Beade ao protocolo xeral de actuación asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “concellos doing business Galicia”.

### **5.- SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS 2018 DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE OURENSE.-**

Dáse conta do Acordo da Xunta de Goberno de 22 de xaneiro de 2018, da Deputación de Ourense, publicado no BOP número 25, de 31 de xaneiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2018.

En atención ao Acordo de referencia, redactouse memoria de actividades Culturais e Recreativas de Beade 2018.

Por elo, os membros da Xunta Local, por UNANIMIDADE, adoptan o seguinte acordo:

- Aprobar a memoria descritiva de actividades culturais e recreativas 2018, cun custo total de 3.700,00 euros.
- Solicitar á Deputación de Ourense unha subvención de 2.590,00 euros, que se establece na memoria.
- Comprometerse a financiar o importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado ao ampara da convocatoria ata o importe total da execución prevista.
- Facultar ao Alcalde para o asinamento de cantos documentos sexan necesarios para obter a finalidade da solicitude.”

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e trinta minutos, de todo o que, como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo. Senén Pousa Soto.

Asdo. Pablo Fdez. Loureiro